

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025645	IES Ricardo Carvalho Calero	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

Na sociedade actual, a mellora da esperanza de vida, o maior logro alcanzado pola especie humana, vese ameazada debido a adquisición e o mantemento de estilos de vida prexudiciais para a saúde nunha arma de dobre fío para a esperanza de vida.

A adquisición de hábitos de vida prexudiciais para a saúde, como a inactividade ou a dieta desequilibrada, está a conseguir que se incrementen os índices de obesidade e de sedentarismo ata niveis alarmantes, xa desde idades moi temperás, así como as doenzas derivadas diso e, como consecuencia, a morte prematura.

As institucións nacionais e internacionais máis importantes no ámbito da saúde alertan de que a prevención de comportamentos perigosos para a saúde e a promoción de estilos de vida saudable deben abordarse en idades cada vez máis temperás, e nomeadamente desde o ámbito educativo. Estas institucións coinciden en que a loita contra os baixos niveis de actividade física e os seus efectos prexudiciais, e a loita contra a obesidade e os seus efectos negativos, son os alicerces sobre os que se debe asentir calquera intervención desde o ámbito educativo.

Nos primeiros cursos de ESO o alumnado experimenta importantes cambios persoais e sociais, e entra en contacto por primeira vez con determinados hábitos tóxicos aos que debe saber enfrontarse.

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía, será o encargado de impartir a materia de Proxecto Competencial de 1º ESO, versará sobre contidos de saúde e benestar para crear un proxecto final que será un programa de radio.

O currículo desta materia ten unha dobre finalidade:

****Abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, así coma estratexias que lle permitan evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, lecer excesivo a través de pantallas, etc.). tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.**

****Unha aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento dun proxecto: un programa de radio. Con todos os coñecementos e destrezas adquiridas ao longo das sesións crearán un programa de radio para a divulgación das súas investigacións.**

A materia trata de conseguir que, a través dunha aprendizaxe eminentemente práctica, o alumnado adquira e consolide un estilo de vida saudable propio que satisfaga as súas necesidades e que se axuste aos seus intereses, tendo en conta que se atopa nun período especialmente sensible da súa vida no que a adopción de patróns de conduta cobra a máxima importancia. Así mesmo, utilizaráanse as TIC para afianzar determinados coñecementos sobre a radio escolar.

En definitiva, preténdese vincular ao alumnado a prácticas saudables, a través de aprendizaxes que teñan unha carga emocional positiva e que poida aplicar nas vivencias do seu día a día. É tamén unha boa ocasión para aplicar diferentes metodoloxías para a

xestión de aula con tarefas pertinentes e contextualizadas, buscar a relación con outras materias e, así, construír aprendizaxes significativas para facer do alumnado suxeitos competentes no desempeño do seu propio estilo de vida saudable.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os medios de comunicación	Acercamento ao proceso da comunicación e aos medios informativos. Para iso, nos acercaremos de forma práctica, para comprender as súas características e diferencias e descubrir as claves propias da radio.	10	3	X	X	X
2	Tipos de programas de radio	Análise dos tipos de programas que existen nunha radio, cómo se estruturan e qué formatos utiliza cada un. Destacan os seguintes: Informativos, Programas de análise/debate da actualidade, Espacios musicais, Programas culturais sobre todo tipo de temas: cine, literatura, teatro, temas sociais, medio ambiente, educación etc. Programas deportivos. Concursos ou espazos de entretemento	20	6	X	X	X
3	Saúde e benestar	Acercamento a temas relacionados coa saúde e hábitos de vida saúbe: alimentación equilibrada, consumo de drogas, actividade física... Investigarán sobre determinados temas, para que desenvolvan unha actitude crítica ante determinados aspectos.	10	5	X	X	X
4	O noso guión ou escaleta.	Aprenderán a realizar un guión do seu programa de radio, así como valorar o traballo en grupo.	20	7	X	X	X
5	Elementos que conforman o taller de grabación.	Acercamento ao manexo dos elementos que conforman unha radio. Poñerán en práctica as súas habilidades.	20	5	X	X	X
6	Grabación e emisión	Utilizarán un ordenador e varios micrófonos para rexistrar os sons e un software para grabar e editar sons con multitude de	20	9	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Grabación e emisión	opcións e unha plataforma de podcast.	20	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os medios de comunicación	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Tipos de programas de radio	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
3	Saúde e benestar	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
4	O noso guión ou escaleta.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
5	Elementos que conforman o taller de grabación.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
6	Grabación e emisión	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada tamén vai destinada a lograr a autonomía do alumnado, para que participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, (que o alumnado chegue a ser capaz de aprender a aprender), sendo o verdadeiro guía do seu propio proceso de aprendizaxe. Por isto, os contidos trataráanse de forma que conduzan a unha aprendizaxe significativa, xa sexa nalgúns casos por exposición e noutros por descubrimento, metodoloxía que persigue a formación integral do alumnado. Ademais, a metodoloxía empregada terá en conta a diversidade existente na aula, a interdisciplinabilidade, así como a educación en valores anteriormente comentado.

Para que se produza unha aprendizaxe significativa, é necesario:

- Que o alumno estea interesado en aprender o contido, entendendo este interese como algo que hai que crear e non simplemente como algo que ten o alumno, é dicir, que os contidos resulten motivantes para o alumnado, entre os que podemos destacar contidos aos que vexan algunha aplicación práctica á realidade, contidos atractivos debido a que son pouco comúns ou aqueles sobre temas de interese e actualidade.
- Que os contidos teñan unha significatividade lóxica (sexan coherentes, claros, organizados?) e unha significatividade psicolóxica (acordes co nivel de desenvolvemento e os coñecementos previos do alumno).

**AGRUPAMENTOS

Para a realización das devanditas actividades, pódese establecer varios tipos de agrupamentos entre o alumnado: individual, en parella, en pequeno grupo ou en gran grupo. Os tres últimos ideais para o tratamento de contidos de carácter actitudinal, pero cada un ten as súas vantaxes:

- Individual: o alumno resolve a actividade proposta por si mesmo, sen axuda dos seus compañeiros. Indicado para a aprendizaxe de carácter máis memorístico.
- En parella: o alumno traballa coa colaboración dun dos seus compañeiros favorecendo a concentración debido a que agrupamentos de dúas persoas non incitan á distracción.
- En pequeno grupo: en agrupamentos de tres ou catro persoas. Idóneo para a aprendizaxe por descubrimento.
- En gran grupo: todo o alumnado traballa conxuntamente na actividade. Idóneo para a realización de debates e actividades de avaliación inicial como os remuíños de ideas.

** PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Farase unha observación e seguemento sistemático dos alumnos, tendo en conta:

- Probas con actividades de ser o caso.
- Diarios de rexistro semanais individuais sobre o traballo da aula
- Presentacións orais e traballos, actividades de clase (elaboración carteis, trípticos) e entrega puntual dos traballos.
- Actitude de aprendizaxe e comportamento e interese e participación (tanto na clase, como nas charlas educativas e talleres ou actividades complementarias a realizar).
- Actividades de realización voluntarias (traballos opcionais para subir nota) de ser o caso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos bibliográficos. Utilizaranse recursos bibliográficos procedentes da biblioteca do instituto, do departamento de Bioloxía e Xeoloxía: dicionarios, revistas científicas, textos de xornais e revistas relacionadas coas ciencias.
Materiais de reprografía. Exercicios, apuntes, ou calquera outro tipo de material elaborado ou seleccionado polo profesor, fotocopiado nas instalacións do centro e entregado aos alumnos.
Medios informáticos. Os alumnos usarán os ordenadores da aula ou da aula de informática para a busca de información. Os alumnos teñen á súa disposición recursos específicos en determinadas webs, á que poderán acceder previo rexistro, aula virtual, contribuíndo ao mesmo tempo ao plan de integración das TIC.
Radio escolar
Medios audiovisuais. A aula de clase ten instalado un proxector conectado ao ordenador. Usando o proxector e o cañón da aula, os alumnos expoñerán as súas opinións nos debates, ou presentación de traballos. Ademais o departamento dispón de vídeos educativos e películas relacionados coa materia.

O uso dos distintos medios e recursos didácticos, alternaranse tamén co uso de distintos espazos como a aula clase, a aula de informática e a radio; así como o exterior, na que se farán varias actividades complementarias e extracolares.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse alo longo do mes de setembro e outubro remuíños de ideas para valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre temas de saúde e benestar e o manexo da radio escolar. Isto permitirá levar a cabo medidas individuais, como un posible reforzo educativo, actividades de ampliación ou colectivas como a mellora dos recursos, actividades grupais, máis interactivas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	10	20	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O curso estará dividido en tres avaliacións. Ao longo de cada unha se realizarán varias actividades que se puntuarán entre 1 e 10.

As notas desas actividades xunto coas cualificacións dadas á actitude e ao traballo diario, conformarán a nota final da avaliación, que será un valor ponderado segundo os criterios de cualificación:

- Actividades e traballos propostos : 70%.
- Actitude e participación diaria: 30%

A nota final do curso, corresponderá coa avaliación final. Obteráse mediante a media aritmética das calificacións obtidas nas tres avaliacións, que terá que ser maior ou igual a 4,5. Para facer a media aritmética coas avaliacións xa superadas, terase en conta a nota máis alta obtida no curso escolar.

O resto de alumnado que teña a materia superada, realizará durante as últimas semanas do curso, ata a avaliación final, actividades de ampliación e proxectos de investigación.

Criterios de recuperación:

Antes do remate do curso escolar, os alumnos/as que aínda teñan unha parte da materia non superada, por ter unha ou dúas avaliacións suspensas, realizará nas últimas sesións, actividades de apoio e reforzo. Neste sentido, para o alumnado que teña a materia sen superar, se elaborará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Ademais, realizará unha proba escrita de recuperación (se fose necesario) antes da avaliación final para poder acadar un aprobado na materia. Esta proba axustarase aos contidos teóricos impartidos ao longo do curso e serán preguntas independentes das respectivas avaliacións non superadas. Os estudantes serán calificados exclusivamente coa nota que obteñan nela, que deberá ser de 5 puntos ou máis para darse por superada a materia e baixo criterio do docente atendendo as particularidades do alumno e as actividades de apoio, de reforzo e ampliación. A nota máxima que se poderá obter na proba escrita de recuperación do final do curso escolar será dun 7 (correspondente ás actividades e traballos propostos)

Ademais, poderán presentarse a esta proba final de xuño aqueles alumnos e alumnas que por algunha razón xustificada (enfermidade, accidente, convalecencia hospitalaria ou en domicilio) non haxa podido examinarse durante as avaliacións ordinarias, sendo avaliados da totalidade da materia ou ben daquelas partes das que non dispoñen de calificación, según cada caso particular.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se aplica

6. Medidas de atención á diversidade

Para dar resposta ás necesidades de todos os alumnos, se levarán a cabo certas medidas de carácter ordinario, dependendo do grao de necesidade do alumno, para facilitar o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe como: actividades variadas de reforzo e ampliación, grupos heteroxéneos en relación á capacidade dos estudantes no caso de traballo en equipos, uso de recursos e materiais diversos para ofrecer aos alumnos múltiples formas de comprensión e adaptarnos así a diversidade de formas de aprendizaxe. Haberá que valorar a posibilidade dos alumnos ao longo do curso de ter que levar a cabo outro tipo de medidas de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora, a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - comunicación audiovisual e as TIC	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - O emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre nutrición	impartidas por especialistas e organizadas polo centro, recollida por parte do alumnado de alimentos para o Banco de Alimentos Ferrol e o seu traslado.	X	X	X
Visitas	A algunha radio, algunha empresa alimentaria para observar a manipulación de alimentos.	X	X	X
Xornadas de práctica de actividades deportivas	Realizaráanse na natureza nun entorno natural e /ou no centro.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Realizo a programación da miña actividade educativa tendo en conta o Decreto ao que fai referencia a presente Lei educativa.
Metodoloxía empregada
- Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades e competencias que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Selecciono e secuencio os contenidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo do alumnado.
- Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
- Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos, etc.) axustados o máis posible, ás necesidades e intereses do alumnado.
Clima de traballo na aula
- Establezco os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao en que alcanzan os aprendizaxes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado.

Descrición:

Para a avaliación da propia práctica docente se establecerán uns indicadores de logro que faciliten e obxectiven ao proceso avaliador. Ditos indicadores se recollen nun instrumento denominado "Ficha de autoavaliación da práctica docente". Como complemento á autoavaliación da propia intervención educativa, podería solicitarse a avaliación do profesor por parte do alumno dúas veces ao longo do curso, unha no mes de Decembro e outra no mes de Marzo, co obxectivo de dispoñer de información que permita tomar as decisións pertinentes con respecto á actuación docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Permitirá analizar o grao de eficacia obtido a través da súa aplicación ao longo do curso escolar, co fin de melloralala e reformala en caso de que sexa necesario. A valoración efectuarase a través de tres mecanismos:

- Mediante as reunións periódicas do departamento, poráse de manifesto o grao de cumprimento da programación, os cambios que se vaian producindo e as súas causas, así como a análise das dificultades atopadas.
- Ao final de cada avaliación os membros do departamento reflexionarán sobre as cualificacións obtidas polos alumnos e nivel de consecución dos obxectivos previstos para ese trimestre e, de ser o caso, suxeriranse medidas de mellora no ámbito metodolóxico.
- Por último, valorarase a programación ao confeccionar a memoria final do curso, onde se verá o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. É, pois, na memoria final, onde se determinarán os aspectos que se consideran positivos e os aspectos que se consideran negativos e, polo tanto, alí explicárase o que hai que modificar ou manter.

As modificacións da programación, quedarán reflectidas nas actas do departamento.

9. Outros apartados